


**COÑECEMENTO** O neurofisiólogo da Universidade da Coruña Xurxo Mariño subliña a "credulidade" e a "falta de curiosidade" dos cidadáns pola ciencia

## A ignorancia voluntaria



Xurxo Mariño traballa por divulgar o coñecemento científico dun xeito ameno entre a poboación

**O científico explicou que as persoas bilingües demostraron en probas unha maior capacidade cognitiva**

Efa - A Coruña

O neurofisiólogo da Universidade da Coruña, Xurxo Mariño, considera que hai un "gran descoñecemento" científico entre a poboación, motivado, principalmente, pola "falta de curiosidade".

Mariño explicou, nunha entrevista, que hai "moi pouco espírito de curiosidade científica", porque a xente non se pregunta, por exemplo, que é o sol, malia que é "a fonte da nosa vida".

"Descartes, Galileo ou Newton darían a metade da súa vida por

poder vivir quince minutos e ver o que coñecemos no mundo de agora", apuntou este científico, quen destacou a elevada cantidade de información da que dispomos actualmente.

De feito, divulgar a información centrada na ciencia é un dos principais obxectivos deste neurofisiólogo, que visitou, durante o ano pasado, bares galegos con "cafés científicos" para achegar o funcionamento do cerebro humano á xente.

Precisamente, a súa última obra *Pó de Estrelas* busca tamén expresar a ciencia dun modo ameno e directo, ao relacionala con temas do día a día e con outras investigacións de carácter máis curioso.

No seu libro, Mariño fala, entre outros asuntos, das diferenzas entre as mentes bilingües, como as galegas, e o resto de mentes que non posúen esta calidade.

"Estar expostos a distintas linguas forza o sistema nervioso a adaptarse a estas", explicou o científico, quen engadiu que, por iso, as persoas bilingües demostraron en "probas concretas" unha "maior capacidade cognitiva".

En *Pó de Estrelas* o científico preguntase tamén cal foi o mellor invento nos últimos 2.000 anos, aínda que recoñece que ten dous preferidos.

Desde o punto de vista social, Mariño destacou a importancia da pílula anticonceptiva, porque "modificou" a "concepción do propio corpo", mentres que no ámbito científico resaltou a aparición dos computadores, e con eles, a rede internet.

"Un científico pode facer operacións e cálculos nun día que fai 200 anos, lle levaría outros 200 anos",

### OPINIÓNS

#### "Debemos ser máis escépticos"

Mariño referiuse tamén ás investigacións máis actuais, das que destacou as que se centran nas "células nai", que considerou unha das "revolucións máis grandes na bioloxía dos últimos decenios", xa que servirán "a curto prazo" para rexenerar tecidos e para curar enfermidades dexeñerativas.

O neurofisiólogo, que recoñece que busca respostas para "case todo", asegurou que o único que non pode responder é o motivo da "credulidade da xente".

"Deberíamos ser máis escépticos e non deixarnos levar", puntualizou Mariño quen engadiu que no mundo actual, aínda que non o pareza, as relixións seguen exercendo unha "influencia case medieval".

#### A "estupidez" alimentada

Finalmente, e en canto ao estado da ciencia en Galicia e no mundo, o neurofisiólogo dixo que, como sempre, "falta diñeiro", pero que se empeza a notar un incremento de interese e de plans de axuda.

Para Mariño, "aínda hai motivo para protestar", tanto na ciencia como no resto de ámbitos, pero sinalou que a xente "non sae á rúa", debido á "desidia e estupidez" colectiva alimentada pola "cultura barata".

Mariño pertence ao Grupo de Neurociencia e Control Motor da Universidade da Coruña, Neurocom. Fai investigación básica sobre aspectos concretos do funcionamento do sistema nervioso.